

# Convocatoria de becas Erasmus+K103 para F.C.T. de 30/03/2019 a 14/06/2019

O programa Erasmus+, ten como obxectivo atender ás necesidades de ensino e aprendizaxe de todos os participantes en educación superior formal e en formación profesional de grado superior, calquera que sexa a duración da carreira ou cualificación, incluídos os estudos de doutorado, así como ás institucións que imparten este tipo de formación.

Os seus obxectivos específicos son apoiar a realización dun Espazo Europeo de Educación Superior e reforzar a contribución da educación superior e a formación profesional ao proceso de innovación.

## Obxecto da convocatoria

Concesión de **5 bolsas Erasmus+ K103** de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas da Unión Europea (SMP), en países con convenio Erasmus+ K103.

## Destinatarios

Alumnado en oferta ordinaria, matriculado no CIFP Compostela, en calquera Ciclo Formativo de Grado Superior, que vaia a realizar o módulo de Formación en Centros de Trabajo (FCT) no curso 2018-19 e estea interesado en realizala en empresas de países da Unión Europea.

## Requisitos para participar na selección

- Estar matriculado/a no CIFP Compostela nos últimos módulos da oferta ordinaria de calquera Ciclo Formativo de Grado Superior que se imparta no centro.
- Reunir os requisitos para poder realizar a FCT.
- Ter a nacionalidade española ou posuír a nacionalidade dun país participante no PAP (programa de aprendizaxe permanente) ou de terceiros países, nese caso deberá acreditar que está en posesión dun permiso válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- É obrigatorio posuír un coñecemento suficiente do idioma en que se recibirá a formación no país de acollida ou en inglés (lingua vehicular de UE). Para iso realizarase unha proba de nivel lingüístico oral e escrito<sup>1</sup> en caso de non presentar a titulación oficial mínima requirida.
- Presentar a solicitude e documentación solicitada dentro do prazo previsto.

## Contía da beca

A contía de cada beca é segundo tramo por país de:

- **1.000,00 €** para a estancia de 2,50 meses: Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia.
- **875,00 €** para a estancia de 2,50 meses: Alemania, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal.
- **750,00 €** para a estancia de 2,50 meses: Antiga República Yugoslava de Macedonia, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Rumanía, Turquía.

Trátase dunha axuda económica para todo o período e todos os conceptos (desprazamento, aloxamento, manutención, seguro, etc.) sen prexuízo das axudas complementarias que no seu caso convoquen outras Administracións (exemplo: Consellaría de C. Educación e O. U., Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) ou outras entidades.

## Período de estancia

Duración dos 2,5 meses (75 días) da beca no que se inclúe todo o período da FCT.

<sup>1</sup> Valoraranse os coñecementos do idioma de país de destino, mediante achega da certificación oficial correspondente (mínimo B1 ou equivalente) En caso de non ter ningunha certificación das anteriormente citadas valoraranse coñecementos de inglés (como lingua habitual no entorno europeo), mediante achega da certificación correspondente ou proba.



O tempo de estadia de formación na empresa é sempre o estimado no convenio Erasmus+KA103 coa mesma, así como o indicado no convenio asinado co alumno/a e o CIFP Compostela, **independentemente da duración do módulo de FCT**.

## País e empresa de destino

O equipo docente e o titor, xunto co coordinador de Erasmus+, de acordo co propio beneficiario determinarán o país e a empresa de destino, preferentemente entre as seguintes ofertas :

Nº mobilidades	Posibles países de destino	Localidade	Ciclo formativo
1	Italia	Roma	CS Xestión de Aloxamentos Turísticos
1	Italia Portugal	Pistoia Lisboa	CS Educación Infantil
1	Inglaterra Dinamarca Francia	Londres Copenhague Rennes / Paris	CS Dirección de Cociña
1	Por determinar	Por determinar	C.S. Integración Social
1	Inglaterra Francia	Londres Rennes	C.S. Dirección Servizos en Restauración

Francia: Período legal de prácticas, máximo 2 meses.

En todo caso, lembrar, será determinado o destino dende a Coordinación Erasmus, consultado equipo docente, o titor/a e o propio beneficiario/a da bolsa.

## Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é do **06 ao 16 de novembro de 2018**.

Faráse unha reunión informativa o venres 26 de outubro de 2018 ás 11.00 horas na aula "Parlamento".

## Documentos necesarios para participar no proceso de selección

- Solicitud de participación (recoller na conserxaría do CIFP Compostela ou consultar na web do centro) e copia de DNI ou equivalente.
- A solicitud débese entregar na secretaría do CIFP Compostela, dentro do prazo establecido.

## Criterios de selección e valoración dos candidatos

Para a valoración das solicitudes e a adxudicación das becas, o alumnado pasará un proceso de selección no que se valorará:

PUNTUACIÓN PARA ACCESO A BECA			% TOTAL	Media	NOTA
1	Expediente académico (1)	Mínimo media de 6,00 (en 1º e ter aprobados todos os módulos na 1ª avaliación)	40 %		
2	Coñecemento de idiomas (2)	Mínimo nivel recomendable, equivalente a B1 (Proba de Inglés / Certificación oficial)	30 %		
3	Grao de comunicación, autonomía persoal, responsabilidade, madurez e motivación. Mínimo 5,00 puntos. (3)		30 %		
TOTAL PUNTUACIÓN			100 %		

(1)- Seleccionarase únicamente aquel alumnado que teña superado todos os módulos para acceder á FCT na 1ª avaliación.

(2)- Valoración efectuada polo departamento de linguas estranxeiras .

(3)- Valoración efectuada polo equipo docente do alumno/a

Unha vez valoradas todas as solicitudes publicarase a resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro, [www.cifpcompostela.edu.es](http://www.cifpcompostela.edu.es). Contra esta resolución os interesados poderán presentar unha solicitud de revisión, ante a Dirección do Centro, no prazo de 10 días lectivos contados apartires da data de publicación.

## Recoñecemento das prácticas

A mobilidade Erasmus+ KA103 para prácticas permite a realización de toda a FCT (exceptuando Francia) nun país da Unión Europea cos mesmos efectos de recoñecemento que si se realizou nunha empresa española.

O CIFP Compostela recoñecerá academicamente o período de prácticas, sempre que se alcancen os logros acordados por ambas partes no programa formativo, rexistrarse o Certificado de Mobilidade Europass e o Suplemento Europeo ao Título.

